

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

### Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-B-18

**PARTE 1 (Vídeo)**

A continuación, vai ver vostede unha reportaxe dun programa de televisión sobre a restauración dunha casa rural. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o vídeo.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

**TRANSCRICIÓN:**

PRESENTADOR	Na histórica Terra de Montes atopamos unha paisaxe que nos deixou abraiados polo seu carácter autóctono e pola súa autenticidade. Aquí, como afastada do mundo, demos cunha casiña exquisitamente restaurada que non desmerece a grandiosidade da súa contorna histórica e natural. Nela viven Ana Rodríguez e Alfredo González. Que tal Alfredo? Como estás?
ALFREDO	Bos días. Que tal?
PRESENTADOR	(Bueno) Ti decidiches restaurar unha casa nunha aldea fermosísima de Galicia para vir aquí a vivir nela.
ALFREDO	Efectivamente, a compramos hai uns 14 anos máis ou menos e hai 4 anos decidimos facer unha reforma total para estar cómodos e realmente poder desfrutar deste sitio.
PRESENTADOR	Que tal a experiencia?
ALFREDO	Pois a verdade é que estamos encantados. Creo que quedou moi ben e eu creo que vos vai gustar.
PRESENTADOR	Imos a ver o resultado.
ALFREDO	Vamos.
PRESENTADOR	Veña, seguímoste.
PRESENTADOR	Que temos por aquí?
ALFREDO	Esta é a entrada ou é a entrada agora porque orixinalmente era un espacio aberto e decidimos pechalo para poder ter un espacio intermedio entre o exterior e a cociña que é a primeira estancia xa de verdade dentro da casa.
PRESENTADOR	Uauh! Aquí si que hai un contraste, eh?; o verde, o branco. Cóntanos un pouco ti a túa cociña.

ALFREDO	<p>Aínda que podedes ver que ten unhas superficies moi modernas e moi brancas, ao mesmo tempo temos aquí este elemento que é un forno de pan tradicional e que o conservamos tal cal estaba e como nolo atopamos cando compramos a casa; de feito ten, incluso a pa do pan e o rolo que eran as ferramentas que se utilizaban para facer o pan aquí.</p> <p>...</p> <p>A cociña aquí ten unha especie de zona de transición entre o que é a cociña co salón-comedor que ademais é moi práctico porque ao estar aberto... Antes aquí había un tabique que eliminamos, ao estar aberto o que fixemos foi facilitar o tránsito, non, entre a cociña e o comedor.</p>
PRESENTADOR	Eliminaches un tabique, pero conservaches esta impresionante viga.
ALFREDO	<p>Si, xa se vía un pouquiño, pero agora pódese ver en todo o seu esplendor que é unha viga verdadeiramente extraordinaria. É, practicamente, un castiñeiro enteiro o que meteron aquí oficialmente.</p> <p>Esta de aquí é a zona de traballo; en realidade, é a zona de traballo pero como temos estas outras mesas espectaculares, moitas veces acabamos traballando pois, na mesa do comedor ou nos outros espacios.</p>
PRESENTADOR	Que temos aquí?
ALFREDO	Este é o cuarto de baño. En realidade, é parte do cuarto de baño; este é onde alí o lavabo, o espello e o inodoro e a ducha está aquí dentro.
PRESENTADOR	A pesar de non ter moitísimo espazo, respetaches todas estas pedras que se ven aquí.
ALFREDO	Si, esta é a corte orixinal da casa onde estaban as vacas e estas eran as escaleiras que subían dende a corte á cociña e decidimos deixalas porque, en realidade, case é como unha especie de escultura.
PRESENTADOR	E aquel oco que hai alí de par do espello?
ALFREDO	Cando nós compramos a casa, unha das cousas que nos chamou a atención é que os donos da casa deixaron un montón de mobles, realmente valiosos. Un deses é este armario de aquí. Este armario está feito de castiñeiro, de madeira de castiñeiro e madeira de cerdeira, que non é moi habitual...
PRESENTADOR	Cantos anos pode ter, máis ou menos?

ALFREDO	<p>Pois, seguramente, sexa do século XIX polo menos, como mínimo, que é a mesma data seguramente que esta mesa e outros mobles que podedes ver por aquí como por exemplo, esta mesa de escritorio.</p> <p>O dormitorio é unha estancia moi grande porque era, realmente era o espacio central da corte, o espacio das vacas... Non ten moita luz, comparada con outras zonas da casa, pero non é un problema porque é un espacio para durmir...</p> <p>E, por último, aquí abaixo temos este cuartiño que é moi pequeno pero que vale no caso de que veñan visitas. Ten un sillón-cama que se pode estender e é unha cama de matrimonio.</p>
PRESENTADOR	<p>Pero que pasada! Que bonito é este hórreo, aí, nas alturas, non?</p>
ALFREDO	<p>Si, o hórreo é espectacular. Non tanto quizais o hórreo en si, senón todo o esforzo que tiveron que facer para poder colocalo. Eu creo que os hórreos, pero, en xeral, a casa o que demostran é que un pode vivir nunha arquitectura tradicional, nunha arquitectura histórica de toda a vida e, ao mesmo tempo, vivir modernamente, non, coas necesidades que temos agora.</p>

**PARTE 2**

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego?</li> <li>■ Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede)</li> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do vídeo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu a reportaxe. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do vídeo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ De que trata a reportaxe?</li> <li>■ Onde está situada a casa? Quen vive nela?</li> <li>■ Que tipo de reformas fixeron?</li> <li>■ Que espazos ten? Como son?</li> </ul>	
3. RELATO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: nesta parte o candidato debe relatar unha anécdota ou unha historia. O entrevistador escollerá unha das alternativas e diralle ao candidato que faga un relato. Se este non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá ao candidato (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.</p>	
<p><b>A.</b> Conte algún suceso que lle ocorrese a vostede ou a algunha persoa coñecida ao facer unha obra ou reforma na casa (pintar, montar un moble, cambiar un cuarto...).</p> <p><b>B.</b> Relate algunha experiencia vivida por vostede ou por algunha persoa coñecida ao cambiar de lugar de residencia.</p> <p><b>C.</b> Explique como era o lugar e a casa onde pasou a súa infancia e comente algún suceso desa época. <b>INTERACCIÓN</b></p>	

**4. INTERACCIÓN**

**4 minutos aprox.**

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados coa reportaxe, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

**OPCIÓN A**

- Coñece algunha vivenda restaurada ou reformada? Parécelle que quedou ben? Onde está? Quen vive nela? Como é? Que obras se fixeron?
- Precisa facer algunha obra na casa? Dáse maña para este tipo de traballos?
- Cre que merece a pena amañar as casas vellas? Ou é preferible vivir nunha vivenda nova? Por que?
- Que considera máis práctico: alugar unha vivenda ou mercala? Por que?  
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

**OPCIÓN B**

- Onde vive vostede? Dende cando? Gústalle estar aí? Por que?
- Cre que é doado que a xente da cidade se adapte a vivir na aldea? Por que? Cre que a xente da aldea se adapta facilmente a vivir na cidade? Por que?
- Considera que a cidade ten servizos e oportunidades que a aldea non ofrece? Cales?
- Considera que a maneira de vivir nas aldeas aumenta a calidade de vida das persoas? Por que?
- Que cre que bota máis en falta unha persoa da aldea cando se traslada á cidade? Que cre que bota máis en falta unha persoa da cidade cando se traslada á aldea?  
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

**OPCIÓN C**

- Que diferenzas atopa entre as vivendas de antes e as de agora? Cales lle gustan máis? Por que? Que requisitos debe ter unha vivenda hoxe en día?
- Que valora máis á hora de escoller unha vivenda? A situación, o prezo, o tamaño, as comodidades, a decoración...?
- Gústalle a mestura de estilos na decoración? Como decoraría a súa vivenda? Con moitos mobles e obxectos decorativos ou só co imprescindible? Que lle parece máis práctico?
- Dedícalles moito tempo aos labores da casa? Cales lle parecen máis necesarios? E os que menos?  
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?